



Ferrol, a 25 de outubro de 2021

Estimadas Familias:

A asociación de nais e pais de alumnos é o movemento máis numeroso que existe a nivel voluntariado entre adultos. En total, formamos unha rede de 11.000 ANPAS representando ós seus respectivos socios ó longo do territorio nacional, o que nos permite ter representación, participación e voz nos órganos educativos, formando parte fundamental da comunidade escolar.

As nosas funcións establecen velar pola escola, defendela, colaborar cos centros educativos e administracións, en torno a todo aquilo que afecte ós DEREITOS COLECTIVOS DAS FAMILIAS DO ALUMNADO.

A nosa asociación está federada na Federación de ANPAS, o que permite que todo o alumnado do centro se beneficie de actividades como as xornadas sobre 'Violencia de Xénero', a visita do 'Mago Benxamín' e diversas actividades en torno 'O camiño de Santiago' que se levaron a cabo nos últimos anos.

Moito máis alá da organización de eventos lúdicos, festivos, a subvención dunha excursión e as actividades extraescolares, a ANPA é a vosa voz e quen vos representa dentro da comunidade educativa e seguimos traballando desinteresadamente por e para todas as familias do centro. Por iso, tanto no último ano, coma nos anteriores a ANPA COLABORA e COLABOROU entre outras iniciativas:

Coa compra de material deportivo para a actividade de educación física (balóns, canastras e colchóns), de randeiras para o patio de Educación Infantil e material Informático. Con donativos para a Comida Solidaria que se leva a cabo cada ano, co pintado da pista do patio exterior e coa excursión dos rapaces de 4º de ESO.

Dende a ANPA e a Dirección do Centro queremos recordarvos a importancia de ter unha asociación de entidade en beneficio de todos polo que vos animamos a facervos socios e colaborar no seu traballo.

Ademais, pensando nas familias, existe a posibilidade de fraccionar o abono da cota en tres pagos (8'35€ en novembro, febreiro e maio). Podedes formalizar a inscrición no local da ANPA, os mércores, de 16:30 a 18:00 ou de forma telemática, facendo unha TRANSFERENCIA BANCARIA ao seguinte número de conta:

ES66 2080 0222 8030 00006653

É preciso indicar, no momento da transferencia, no apartado de 'ordenante', o nome do socio e remitir o xustificante de ingreso ó noso correo electrónico: anpa.lestonnac@gmail.com

Un saúdo
A ANPA e a Dirección